



**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS**

**Artigo 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO**

1.- En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e segundo o disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas por licenzas de apertura de establecementos, que se rexirán pola presente ordenanza, de conformidade co previsto nos artigos 20.4.i) e 58 da citada Lei 39/1988.

**Artigo 2º. FEITO IMPOÑIBLE**

1.- Constitúe o feito impoñible da taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar se os establecementos destinados ó exercicio de actividades comerciais, industriais e profesionais así como os destinados á organización de espectáculos públicos e actividades recreativas, de carácter eventual, reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calquera outra esixida polas correspondentes ordenanzas e regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da licenza de apertura.

2.- Entenderase por establecemento para tal efecto todo local ou instalación que, non tendo destino específico de vivenda, se dedique ó exercicio das actividades citadas no parágrafo anterior, ben sexa con despacho ou acceso directo ó público ou ben como elemento complementario ou accesorio doutro establecemento ou actividade principal.

3.- Para os efectos desta ordenanza, terá a consideración de apertura:

a) A primeira instalación.

b) Os traslados a outros locais diferentes. Non terán a consideración de apertura, para estes efectos, os traslados motivados por causa de incendio ou catástrofe, expropiacións forzosas do municipio, e os motivados por desafuzamentos que non teñan causa imputable ó arrendatario, sempre que, en todos estes casos, a licenza de traslado se solicite dentro do ano, contado a partir do peche do establecemento anterior.

c) Os traspasos ou cambios de titularidade das licenzas de apertura.

Non terán a consideración de traspasos ou cambios de titularidade, para estes efectos:

1.- Os que se refiran a licenzas de apertura concedidas a favor dunha comunidade de bens, cando o novo titular sexa un membro da dita comunidade, ou cando o cambio teña lugar debido a actos de fusión de sociedades mercantís, nas que se produza unha subrogación universal do activo e pasivo das mesmas.



2.- Traspasos ou cambio de titularidade dunha explotación gandeira cando se deba á xubilación ou abandono da produción do seu titular, e sempre que se transmita ó cónxuxe ou ós fillos.

3.- Cando se trate de actividades empresariais da titularidade dunha persoa física (autónomos), por morte ou xubilación.

d) As ampliacións ou variacións de actividade nos mesmos locais aínda que continúe o titular anterior.

### **Artigo 3º. SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES**

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, se é o caso, se desenvolva en calquera establecemento industrial, mercantil ou profesional.

2.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

3.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

### **Artigo 4º. BASE IMPOÑIBLE**

Constitúe a base imponible da taxa:

1.- O importe da cota íntegra anual do Imposto sobre Actividades Económicas, excluído en todo caso o recargo provincial.

2.- Para as actividades non suxeitas ou exentas do Imposto sobre Actividades Económicas, a base da taxa estará constituída pola superficie do local ou locais do establecemento vinculados ó desenvolvemento da actividade de que se trate, así como as superficies non construídas necesarias para o desenvolvemento da mesma, coma lugares de almacenaxe e depósito, etc..., quedando excluídas as superficies dedicadas a aparcadoiro e espazos libres.

3.- Cando se trate de ampliación do establecemento tomarase como base imponible a superficie na que se ampliou o local.

### **Artigo 5º. COTAS TRIBUTARIAS**

A cota a esixir por esta taxa son as seguintes:

1.- As licenzas de apertura previstas no artigo 2º desta Ordenanza que non teñan sinalado cota especial:

a.- O 100 por 100 da base imponible prevista no artigo 4.1 desta ordenanza.

b.- Nos supostos do artigo 4.2 a cota tributaria liquidarase mediante a aplicación á base imponible -a superficie realmente dedicada ó exercicio da actividade expresada en metros cadrados- os seguintes importes por metro cadrado:



- Locais inferiores ou iguais a 50 m<sup>2</sup>: 2,00 €/ m<sup>2</sup>.
- Locais de máis de 50 m<sup>2</sup> ata 100 m<sup>2</sup> ou iguais a 100 m<sup>2</sup>: Os primeiros 50 m<sup>2</sup>, unha cota de 100 €, resto a 1,40 €/ m<sup>2</sup>.
- Locais de 101 m<sup>2</sup> ata 200 m<sup>2</sup> ou iguais a 200 m<sup>2</sup>: os primeiros 100 m<sup>2</sup> unha cota de 170 €, resto a 1,20 €/ m<sup>2</sup>.
- Locais de 201 m<sup>2</sup> ata 1.000 m<sup>2</sup> ou iguais a 1000 m<sup>2</sup>: Os primeiros 200 m<sup>2</sup> unha cota de 290 €, resto a 1,00 €/ m<sup>2</sup>.
- Locais de 1.001 m<sup>2</sup> ata 10.000 m<sup>2</sup> ou iguais a 10.000 m<sup>2</sup>: Os primeiros 1.000 m<sup>2</sup> unha cota de 1.090 €, resto a 0,50 €/ m<sup>2</sup>.
- Locais de máis de 10.001 m<sup>2</sup>: Os primeiros 10.000 m<sup>2</sup> unha cota de 5.590 €, resto a 0,30 €/ m<sup>2</sup>.

c.- As resolucións autorizando o cambio de titularidade da licenza de apertura devengarán unha taxa do 50 % da que proceda.

d.- En tódolos casos, calquera cota calculada segundo as normas anteriores, a cota non será inferior a 60 euros.

Se na tramitación do procedemento de outorgamento de licenza de apertura tivesen que efectuarse comprobacións técnicas contempladas na Lei 7/1997, de 11 de agosto de protección contra a contaminación acústica, os custos da asistencia técnica a contratar serán a cargo do interesado.

Igualmente serán a costa do solicitante o pago dos anuncios e edictos que regulamentariamente sexan precisos na tramitación do expediente.

#### **Artigo 6º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.**

VER LEI X. TRIBUTARIA E TEXTO REFUNDIDO FACENDAS.

Serán de aplicación as exencións e bonificacións establecidas polas leis.

#### **Artigo 7º. DEVENGO.**

1.- Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impositivo. Para estes efectos, entenderase iniciada a dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

2.- Cando a apertura tivera lugar sen obterse a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para autoriza-la apertura do establecemento ou decreta-lo seu peche, se non fora autorizable a dita apertura.



3.- A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada, de ningún xeito, pola denegación da licenza solicitada, ou pola concesión condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desistencia do solicitante unha vez concedida a licenza.

#### **Artigo 8º. NORMAS DE XESTIÓN.**

1.- As persoas interesadas na obtención dunha licenza de apertura de establecementos presentarán previamente a oportuna solicitude, con especificación da actividade ou actividades que van desenvolver e superficie total dos locais, xuntando plano a escala dos referidos locais.

2.- Se despois de formulada a solicitude de licenza de apertura se variase ou ampliase a actividade que se vai desenvolver no establecemento, ou se alterasen as condicións proxectadas por tal establecemento ou ben se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións haberán de comunicárselle á Administración municipal co mesmo detalle e alcance que se esixen na declaración prevista no número anterior.

3.- No suposto de que a concesión da licenza esixa o trámite de información pública, o solicitante deberá xustificar a publicación da petición nos termos que sinala a Alcaldía, correndo en todo caso, da súa conta o importe dos gastos que iso leve consigo.

4.- As licenzas caducarán ó ano da súa expedición se non comezase a actividade para a que se concedera ou se interrompese polo mesmo período. A declaración de caducidade require a tramitación do correspondente procedemento, no que se outorgará audiencia ó titular daquela.

#### **Artigo 9º. LIQUIDACIÓN E INGRESO.**

1.- O pagamento da taxa poderá esixirse en réxime de autoliquidación, segundo o modelo establecido polo Concello, unha vez presentada a solicitude e antes do inicio da actuación ou do expediente correspondente, o cal non se tramitará ata que se efectuase o ingreso do importe da taxa.

Cando as solicitudes de autorización ou licenza fosen denegadas, procederá a devolución das cantidades ingresadas, aplicándose o procedemento legalmente establecido.

2.- As liquidacións practicadas conforme ós datos declarados polo solicitante terán a consideración de provisionais e poderán ser comprobados pola Administración municipal, aprobando a liquidación definitiva que corresponda.

#### **Artigo 10º. INFRACCIÓN E SANCIÓN.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Sen perxuízo do disposto con carácter xeral no parágrafo anterior, estimaranse especificamente como infraccións graves da taxa establecida nesta ordenanza:



- a) A inexactitude ou falsidade na declaración de superficie dos locais, realizada na solicitude de licenza.
- b) A inexactitude ou falsidade dos planos de composición dos locais obxecto da licenza, tendente a altera-la liquidación que houbese de resultar por aplicación do disposto nos artigos 4º e 5º.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza aprobada por acordo do Concello Pleno do 12 de novembro de 2003, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comenzará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2004. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE LA TASA POR LICENCIAS DE APERTURA DE ESTABLECIMIENTOS**

**Artículo 1º. NATURALEZA Y FUNDAMENTO**

1.- En uso de las facultades concedidas en los artículos 133.2 y 144 de la Constitución y por el artículo 106 de la Ley 7/1985, del 2 de abril, regulador de las bases del régimen local, y según el dispuesto en los artículos 15 a 19 de la Ley 39/1988, del 28 de diciembre, regulador de las haciendas locales, y artículo 331 de la Ley 5/1997, del 22 de julio, de la Administración local de Galicia, este Ayuntamiento establece las Tasas por licencias de apertura de establecimientos, que si registrarán por la presente ordenanza, de conformidad con el previsto en los artículos 20.4.i) y 58 de la citada Ley 39/1988.

**Artículo 2º. HECHO IMPONIBLE**

1.- Constituye el hecho imponible de la tasa la actividad municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar si los establecimientos destinados al ejercicio de actividades comerciales, industriales y profesionales así como los destinados a la organización de espectáculos públicos y actividades recreativas, de carácter eventual, reúnen las condiciones de tranquilidad, sanidad y salubridad y cualquier otra exigida por las correspondientes ordenanzas y reglamentos municipales o generales para su normal funcionamiento, como presupuesto necesario y previo para el otorgamiento por este Ayuntamiento de la licencia de apertura.

2.- Se entenderá por establecimiento para tal efecto todo local o instalación que, no teniendo destino específico de vivienda, se dedique al ejercicio de las actividades citadas en el párrafo anterior, bien sea con despacho o acceso directo al público o bien como elemento complementario o accesorio de otro establecimiento o actividad principal.

3.- A efectos de esta ordenanza, tendrá la consideración de apertura:

a) La primera instalación.

b) Los traslados a otros locales diferentes. No tendrán la consideración de apertura, para estos efectos, los traslados motivados por causa de incendio o catástrofe, expropiaciones forzosas del municipio, y los motivados por desahucios que no tengan causa imputable al arrendatario, siempre que, en todos estos casos, la licencia de traslado se solicite dentro del año, contado a partir del cierre del establecimiento anterior.

c) Los traspasos o cambios de titularidad de las licencias de apertura.

No tendrán la consideración de traspasos o cambios de titularidad, para estos efectos:

1.- Los que se refiera a licencias de apertura concedidas a favor de una comunidad de bienes, cuando el nuevo titular sea un miembro de dicha comunidad, o cuando el cambio tenga lugar debido a actos de fusión de sociedades mercantiles, en las que se produzca una subrogación universal del activo y pasivo de las mismas.



2.- Traspasos o cambio de titularidad de una explotación ganadera cuando se deba a la jubilación o abandono de la producción de su titular, y siempre que se transmita al cónyuge o a los hijos.

3.- Cuando se trate de actividades empresariales de la titularidad de una persona física (autónomos), por muerte o jubilación.

d) Las ampliaciones o variaciones de actividad en los mismos locales aunque continúe el titular anterior.

### **Artículo 3º. SUJETOS PASIVOS Y RESPONSABLES**

1.- Son sujetos pasivos contribuyentes las personas físicas y jurídicas y las entidades a las que se refiere el artículo 33 de la Ley General Tributaria, titulares de la actividad que se pretende desarrollar o, si es el caso, se desenvuelva en cualquier establecimiento industrial, mercantil o profesional.

2.- Responderán solidariamente de las obligaciones tributarias del sujeto pasivo las personas físicas y jurídicas a que se refieren los artículos 38.1 y 39 de la Ley general tributaria.

3.- Serán responsables subsidiarios los administradores de las sociedades y los síndicos, interventores o liquidadores de quiebras, concursos, sociedades y entidades en general, en los supuestos y con el alcance que señala el artículo 40 de la Ley general tributaria.

### **Artículo 4º. BASE IMPONIBLE**

Constituye la base imponible de la tasa:

1.- El importe de la cota íntegra anual del Impuesto sobre Actividades Económicas, excluido en todo caso el recargo provincial.

2.- Para las actividades no sujetas o exentas del Impuesto sobre Actividades Económicas, a base de la tasa estará constituida por la superficie del local o locales del establecimiento vinculados al desarrollo de la actividad de que se trate, así como las superficies no construidas necesarias para el desarrollo de la misma, como lugares de almacenaje y depósito, etc..., quedando excluidas las superficies dedicadas a aparcamiento y espacios libres.

3.- Cuando se trate de ampliación del establecimiento se tomará como base imponible la superficie en la que se amplió el local.

### **Artículo 5º. COTAS TRIBUTARIAS**

La cota a exigir por esta tasa son las siguientes:

1.- Las licencias de apertura previstas en el artículo 2º de esta Ordenanza que no hayan señalado cota especial:

a.- El 100 por 100 de la base imponible prevista en el artículo 4.1 de esta ordenanza.



b.- En los supuestos del artículo 4.2 la cota tributaria se liquidará mediante la aplicación a la base imponible -la superficie realmente dedicada al ejercicio de la actividad expresada en metros cuadrados- los siguientes importes por metro cuadrado:

- Locales inferiores o iguales a 50 m<sup>2</sup>: 2,00 €/ m<sup>2</sup>.
- Locales de más de 50 m<sup>2</sup> hasta 100 m<sup>2</sup> iguales a 100 m<sup>2</sup>: Los primeros 50 m<sup>2</sup>, una cuota de 100 €, resto a 1,40 €/ m<sup>2</sup>.
- Locales de 101 m<sup>2</sup> hasta 200 m<sup>2</sup> o iguales a 200 m<sup>2</sup>: los primeros 100 m<sup>2</sup> una cuota de 170 €, resto a 1,20 €/ m<sup>2</sup>.
- Locales de 201 m<sup>2</sup> hasta 1.000 m<sup>2</sup> o iguales a 1000 m<sup>2</sup>: Los primeros 200 m<sup>2</sup> una cuota de 290 €, resto a 1,00 €/ m<sup>2</sup>.
- Locales de 1.001 m<sup>2</sup> hasta 10.000 m<sup>2</sup> o iguales a 10.000 m<sup>2</sup>: Los primeros 1.000 m<sup>2</sup> una cuota de 1.090 €, resto a 0,50 €/ m<sup>2</sup>.
- Locales de más de 10.001 m<sup>2</sup>: Los primeros 10.000 m<sup>2</sup> una cuota de 5.590 €, resto a 0,30 €/ m<sup>2</sup>.

c.- Las resoluciones autorizando el cambio de titularidad de la licencia de apertura devengarán una tasa del 50 % de la que proceda.

d.- En todos los casos, cualquier cota calculada según las normas anteriores, la cota no será inferior a 60 euros.

Si en la tramitación del procedimiento de otorgamiento de licencia de apertura tuvieran que efectuarse comprobaciones técnicas contempladas en la Ley 7/1997, de 11 de agosto de protección contra la contaminación acústica, los costes de la asistencia técnica a contratar atardecen a cargo del interesado.

Igualmente serán a costa del solicitante el pago de los anuncios y edictos que reglamentariamente sean precisos en la tramitación del expediente.

#### **Artículo 6º. EXENCIONES Y BONIFICACIONES.**

VER LEY X. TRIBUTARIA Y TEXTO REFUNDIDO HACIENDAS.

Serán de aplicación las exenciones y bonificaciones establecidas por las leyes.

#### **Artículo 7º. DEVENGO.**

1.- Se devengará la tasa y nace la obligación de contribuir, cuando se inicie la actividad municipal que constituye el hecho imponible. Para estos efectos, se entenderá iniciada dicha actividad en la fecha de presentación de la oportuna solicitud de la licencia de apertura, si el sujeto pasivo la formulara expresamente.

2.- Cuando la apertura había tenido lugar sin obtenerse la oportuna licencia, la tasa se devengará cuando se inicie efectivamente la actividad municipal conducente a determinar si el





establecimiento reúne o no las condiciones exigibles, con independencia de la iniciación del expediente administrativo que pueda instruir para autorizar la apertura del establecimiento o decretar su cierre, si no había sido autorizable dicha apertura.

3.- La obligación de contribuir, una vez nacida, no se verá afectada, de ninguna manera, por la denegación de la licencia solicitada, o por la concesión condicionada a la modificación de las condiciones del establecimiento, ni por la renuncia o desistencia del solicitante una vez concedida la licencia.

#### **Artículo 8º. NORMAS DE GESTIÓN.**

1.- Las personas interesadas en la obtención de una licencia de apertura de establecimientos presentarán previamente la oportuna solicitud, con especificación de la actividad o actividades que van a desarrollar y superficie total de los locales, juntando plano a escala de los referidos locales.

2.- Si después de formulada la solicitud de licencia de apertura si variara o ampliara la actividad que se va a desarrollar en el establecimiento, o si alteraran las condiciones proyectadas por tal establecimiento o bien se ampliara el local inicialmente previsto, estas modificaciones habrán de comunicársele a la Administración municipal con el mismo detalle y alcance que se exigen en la declaración prevista en el número anterior.

3.- En el supuesto de que la concesión de la licencia exija el trámite de información pública, el solicitante deberá justificar la publicación de la petición en los terminos que señale la Alcaldía, corriendo en todo caso, de su cuenta el importe de los gastos que eso lleve consigo.

4.- Las licencias caducarán al año de su expedición si no comenzara la actividad para la cual se había concedido o se interrumpiera por el mismo período. La declaración de caducidad requiere la tramitación del correspondiente procedimiento, en el que se otorgará audiencia al titular a la sazón.

#### **Artículo 9º. LIQUIDACIÓN Y INGRESO.**

1.- El pago de la tasa podrá exigirse en régimen de autoliquidación, según el modelo establecido por el Ayuntamiento, una vez presentada la solicitud y antes del inicio de la actuación o del expediente correspondiente, el cual no se tramitará hasta que se efectuara el ingreso del importe de la tasa.

Cuando las solicitudes de autorización o licencia fueran denegadas, procederá la devolución de las cantidades ingresadas, aplicándose el procedimiento legalmente establecido.

2.- Las liquidaciones practicadas conforme a los datos declarados por el solicitante tendrán la consideración de provisionales y podrán ser comprobados por la Administración municipal, aprobando la liquidación definitiva que corresponda.



**Artículo 10º. INFRACCIONES Y SANCIONES.**

En todo el relativo a la calificación de infracciones tributarias, así como de las sanciones que a estas correspondan en cada caso, se estará al dispuesto en los artículos 77 y siguientes de la Ley general tributaria.

Sin perjuicio del dispuesto con carácter general en el párrafo anterior, se estimarán específicamente como infracciones graves de la tasa establecida en esta ordenanza:

- a) La inexactitud o falsedad en la declaración de superficie de los locales, realizada en la solicitud de licencia.
- b) La inexactitud o falsedad de los planos de composición de los locales objeto de la licencia, tendente a alterar la liquidación que hubiera de resultar por aplicación del dispuesto en los artículos 4º y 5º.

**DISPOSICIÓN FINAL**

La presente ordenanza aprobada por acuerdo del Ayuntamiento Pleno del 12 de noviembre de 2003, entrará en vigor el día siguiente de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, y comenzará a aplicarse a partir del 1 de enero de 2004. Permanecerá en vigor hasta su modificación o derogación expresa.